

PLAN DE LECTURA

CRA DE VALGA

REVISIÓN N° :

DATA:

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR:

DATA 1a REVISIÓN:

DATA 2a REVISIÓN:

1. XUSTIFICACIÓN	3
2. O NOSO CENTRO	3
2.1. Características do centro	3
2.2. Número de grupos e alumnado.	4
3. OBXECTIVOS	4
4. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE	8
5. CONTIDOS	9
6. METODOLOXÍA	9
7. RECURSOS	10
7.1. Recursos humanos:	10
7.2. Recursos materiais:	11
8. AVALIACIÓN	11
9. HORARIO PREVISTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA	12
10. ACTIVIDADES	12
11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	13

1. XUSTIFICACIÓN

A lectura debe asentarse en todo proxecto educativo arredor de **tres eixes**: saber ler, querer ler e poder ler. **Queremos** actuar en todos eles para intervir de forma positiva na condición lectora do noso alumnado.

Estes tres eixes requiren un clima de atracción que permita acceder aos nosos futuros lectores e lectoras aos máis variados linguaxes. Aquí a **Biblioteca Escolar**, entre outros medios, debe cumprir un papel primordial.

Para que o alumnado chegue o saber ler e a un querer ler posterior, aparece a necesidade dun proxecto de lectura que o faga posible.

A **Biblioteca Escolar** é un recurso esencial para formar aos nenos e nenas na consulta e selección de diversas fontes de información, así como para promover o autocoñecemento. Por iso, queremos que sexa un espazo que facilite o achegamento á lectura de textos literarios e informativos en diferentes formatos, fomentando así o desenvolvemento do hábito lector e a creación dunha comunidade lectora.

Vemos o centro educativo como un elemento que xoga un papel fundamental no fomento de actitudes positivas en torno ao libro e á lectura, polo que a partir del elaboraremos proxectos de lectura cun plan de actuación específico.

O proxecto lector do Centro complementará e servirá de apoio importante aos diversos proxectos educativos que se desenvolven actualmente no noso Centro: PDI, Plan TIC'S, Plan de Convivencia, Contratos Programa, Plan Proxecta...

2. O NOSO CENTRO

2.1. Características do centro

O CRA de Valga está emprazado na vila de Valga. Está situado na comarca de Caldas. Este centro ubícase no lugar de Campaña e está conformado por seis escolas repartidas en diferente parroquias e lugares da vila:

- Escola de Chenlo
- Escola de Xanza
- Escola de Campaña
- Escola de Forno
- Escola de Ferreirós
- Escola de Vilarello

O CRA de Valga é o Colexio Rural Agrupado (CRA) que se crea o 28 de xullo de 2000. Somos un centro educativo público nas que se imparte o 2º ciclo da Educación Infantil (de 3 a 6 anos). A nosa sede atópase en Campaña, onde tamén se atopa dirección, a sala de mestras, o Departamento de Orientación e a Biblioteca escolar.

Temos a mesma estrutura e funcionamento que calquera outro centro educativo, coa peculiaridade de que as nosas aulas atópanse distribuídas polas diversas escolas que forman

parte do noso CRA na distintas localidades do Concello de Valga. Isto asegura unha maior adaptación ás características da contorna e ás necesidades do alumnado de cada escola.

2.2. Número de grupos e alumnado.

O CRA de Valga conta con 6 unidades mixtas de educación infantil con un número variado de alumnado por escola. Nos últimos anos observamos un notable incremento na matrícula, o que tivo como consecuencia que as nosas aulas teñan unhas ratios máximas e con alumnado non só procedente de Valga, senon tamén doutros concellos.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se perseguen dende o centro con este Plan son os seguintes:

Obxectivo 1: Seleccionar, catalogar de organizar os recursos empregando o programa KOHA e etiquetar en base á CDU	
Acción 1	Continuar seleccionando, catalogando e organizando os recursos empregando o programa MEIGA e etiquetar en base á CDU
	Temporalización
	1º A <input checked="" type="checkbox"/> 2º A <input checked="" type="checkbox"/> 3º A <input checked="" type="checkbox"/> 4º A <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Consecución dunha catalogación e etiquetaxe completa dos fondos e recursos.
Responsables	Equipo de biblioteca e profesorado do CRA.
Recursos e materiais	Fondos bibliográficos, etiquetas, impresora, equipo informático e programa KOHA.
Acción 2	Organizar e manter a orde da biblioteca en base á etiquetaxe e á funcionalidade para o uso autónomo dos usuarios.
	Temporalización
	1º A <input checked="" type="checkbox"/> 2º A <input checked="" type="checkbox"/> 3º A <input checked="" type="checkbox"/> 4ºA <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Organización da biblioteca en base á etiquetaxe.
Responsables	Equipo de biblioteca e profesorado do CRA.
Recursos e materiais	Mobiliario de biblioteca e fondos e recursos que a compoñen.

Obxectivo 2: Diversificar e ampliar as actividades de biblioteca, afondando na dinamización da mesma.

Acción 1	Abrir e diversificar o abano de propostas nos martes de biblioteca, favorecendo iniciativas que impliquen a participación directa de familias.			
	Temporalización			
	1º A ☒	2º A ☒	3º A ☒	4º A ☒
Indicador	Participación activa das familias como condutoras dos martes de biblioteca.			
Responsables	Equipo de dinamización de biblioteca e comunidade educativa.			
Recursos e materiais	Espazos do centro, recursos da biblioteca e recursos humanos que componen a comunidade educativa.			
Acción 2	Implicar a outros axentes educativos/culturais da contorna implicándoos en actividades da biblioteca.			
	Temporalización			
	1º A ☒	2º A ☒	3º A ☒	4º A ☒
Indicador	Participación na biblioteca doutros axentes culturais como a Escola de Música, Bibliotecas Municipais...			
Responsables	Equipo de dinamización, dirección do centro e axentes educativos/culturais da contorna.			
Recursos e materiais	Espazos e recursos da biblioteca escolar e recursos humanos implicados nestas actividades conxuntas.			

Obxectivo 3: Difundir as actividades de biblioteca.

Acción 1	Publicitar as actividades levadas a cabo na Biblioteca escolar a través das redes sociais, medios de comunicación, sistemas de comunicación oficiais do centro escolar.			
	Temporalización			
	1º A ☒ 2º A ☒ 3º A ☒ 4º A ☒			
Indicador	Recepción da información das actividades da Bibliote-CRA por parte da comunidade educativa.			
Responsables	Equipo de dinamización de biblioteca e comunidade educativa.			
Recursos e materiais	Equipos informáticos e recursos da biblioteca.			
Acción 2	Publicación periódica no blogue de biblioteca do centro das novidades, eventos, recomendación lectoras...			
	Temporalización			
	1º A ☒ 2º A ☒ 3º A ☒ 4º A ☒			
Indicador	Recepción da información enviada pola biblioteca por parte dos usuarios			

Responsables	Equipo de dinamización, dirección do centro e axentes educativos/culturais da contorna.
Recursos e materiais	Equipos informáticos e dixitais do centro.
Obxectivo 4: Alfabetizar aos usuarios (profesorado, alumnado e familias)	
Acción 1	Formar á totalidade do profesorado no uso, tratamento e xestión da biblioteca escolar.
	Temporalización
	1º A ☒ 2º A ☒ 3º A ☒ 4º A ☒
Indicador	Uso, xestión e tratamento axeitado dos recursos da biblioteca.
Responsables	Equipo de dinamización de biblioteca e todo o profesorado do centro.
Recursos e materiais	Equipos e recursos da biblioteca.
Acción 2	Alfabetización das familias a través de folletos informativos, charlas e algunha actividade de formación puntual no uso dos recursos de biblioteca.
	Temporalización
	1º A ☒ 2º A ☒ 3º A ☒ 4º A ☒
Indicador	Uso axeitado dos espazos e recursos da biblioteca por parte das familias usuarias.
Responsables	Equipo de dinamización, profesorado do centro e familias
Recursos e materiais	Espazos e recursos da biblioteca escolar e recursos humanos implicados nestas actividades conxuntas.
Acción 3	Alfabetización do alumnado a través de actividades puntuais de formación de usuarios a biblioteca así como nos préstamos semanais das bibliotecas de aula (sistema se rexistro común que parte da biblioteca escolar).
	Temporalización
	1º A ☒ 2º A ☒ 3º A ☒ 4º A ☒
Indicador	Uso axeitado por parte do alumnado dos recursos da biblioteca empregando as ferramentas ó seu dispor para tal fin.
Responsables	Equipo de dinamización e profesorado.
Recursos e materiais	Espazos e recursos da biblioteca escolar

Obxectivo 5: Seleccionar, adquirir e catalogar fondos e recursos que nutran o PDI e o traballo por proxectos común a tódalas escolas, garantíndolle un espazo propio na biblioteca que facilite o tránsito informativo.

Acción 1	Seleccionar, adquirir, catalogar e organizar os recursos empregando o programa KOHA e etiquetar en base á CDU		
	Temporalización		
	1º A <input checked="" type="checkbox"/> 2º A <input checked="" type="checkbox"/> 3º A <input checked="" type="checkbox"/> 4º A <input checked="" type="checkbox"/>		
Indicador	Consecución dunha variedade, catalogación e etiquetaxe completa dos fondos e recursos axeitados ás necesidades do PDI.		
Responsables	Equipo de biblioteca e profesorado do CRA.		
Recursos e materiais	Fondos bibliográficos, etiquetas, impresora, equipo informático e programa KOHA.		
Acción 2	Organizar os recursos en base á etiquetaxe e á funcionalidade para o uso autónomo dos usuarios.		
	Temporalización		
	1º A <input checked="" type="checkbox"/> 2º A <input checked="" type="checkbox"/> 3º A <input checked="" type="checkbox"/> 4º A <input checked="" type="checkbox"/>		
Indicador	Organización en base á etiquetaxe.		
Responsables	Equipo de biblioteca e profesorado do CRA.		
Recursos e materiais	Mobiliario de biblioteca e fondos e recursos que a compoñen.		
Acción 3	Organizar un espazo dentro da biblioteca adicado ao material relacionado co PDI		
	Temporalización		
	1º A <input checked="" type="checkbox"/> 2º A <input checked="" type="checkbox"/> 3º A <input checked="" type="checkbox"/> 4º A <input checked="" type="checkbox"/>		
Indicador	Organización en base á etiquetaxe.		
Responsables	Equipo de biblioteca e profesorado do CRA.		
Recursos e materiais	Mobiliario de biblioteca e fondos e recursos que a compoñen		

Obxectivo 6: Establecer mecanismos de dinamización para “Unha biblioteca escolar en viñetas”, seguindo o lema do vixente curso escolar

Acción 1	Establecer mecanismos e propostas que visibilicen o uso real da escritura e a súa relevancia e versatilidade como ferramenta de información, comunicación e ocio.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Uso da escritura e as ferramentas que a biblioteca ofrece para a creación e gozo da mesma.		

Responsables	Equipo de biblioteca, profesorado do CRA e comunidade educativa.
Recursos e materiais	Fondos bibliográficos, etiquetas, impresora, equipos informáticos, recursos humanos da contorna...
Acción 2	Visibilizar as creacións froito destas propostas relacionadas coa escrita.
	Temporalización
	1º A ☒ 2º A ☒ 3º A ☒ 4º A ☒
Indicador	Creación dun espazo ou espazos (real, virtual ou ámbolos dous) destinados a albergar ou expoñer as creacións.
Responsables	Equipo de biblioteca, profesorado do CRA e comunidade educativa.
Recursos e materiais	Fondos, materiais e recursos dispoñibles na biblioteca e no centro así como todo aquel material de nova creación que sexa obxecto de exposición ou mostra na mesma.

4. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Este plan lector contribúe á adquisición das competencias clave da seguinte maneira:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** O fomento da lectura mellora a capacidade de comprender e producir textos orais e escritos, enriquecendo o vocabulario e mellorando a expresión oral e escrita dos nenos e nenas.
- **Competencia plurilingüe (CP):** A exposición a contos e historias en diferentes linguas estimula a curiosidade e a comprensión das linguas estranxeiras, promovendo a diversidade lingüística e cultural.
- **Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM):** A lectura de libros que inclúan conceptos básicos de matemáticas, ciencia e tecnoloxía axuda a introducir ao alumnado nestes campos dun xeito lúdico e accesible.
- **Competencia dixital (CD):** O uso de recursos dixitais, como aplicacións interactivas de lectura, desenvolve habilidades tecnolóxicas e fomenta un uso crítico e responsable das TIC.
- **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA):** A participación en actividades de lectura en grupo e a colaboración en proxectos fomenta habilidades sociais, a empatía, a auto-reflexión e a capacidade de aprendizaxe autónoma.
- **Competencia cidadá (CC):** A lectura de historias e contos que aborden temas de convivencia, xustiza e igualdade axuda a infancia a entender e valorar os principios democráticos e a súa aplicación na vida diaria.
- **Competencia emprendedora (CE):** A creación de proxectos de lectura, como a elaboración de contos colectivos, fomenta a iniciativa, a creatividade e a capacidade de planificar e levar a cabo actividades.
- **Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC):** A lectura de libros que reflectan a riqueza cultural e patrimonial de Valga e doutros lugares, promove o respecto pola diversidade cultural e o desenvolvemento da identidade cultural do alumnado.

5. CONTIDOS

Ao igual que nos marcamos uns obxectivos para acadar con este plan tamén nos marcamos unha serie de contidos que van a responder claramente ao **saber**, ao **saber facer** e ao **saber ser**.

- O libro como fonte de imaxinación e creatividade.
- Alfabetización mediática e informacional.
- Introducción ao uso da Biblioteca Escolar e as de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.
- Dramatización dalgúns textos literarios, disfrute e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.
- escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro..., tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.

6.METODOLOXÍA

A metodoloxía aplicada neste plan de lectura é integral e abarca múltiples enfoques pedagóxicos para asegurar que os obxectivos se alcancen de maneira efectiva e sostible.

Participativa: En primeiro lugar búscase unha participación activa de todos os actores educativos, incluídos o alumnado, profesorado e familias. Para iso, organizaranse reunións periódicas do equipo de biblioteca para deseñar e avaliar as actividades do Plan. Estas reunións permitirán axustar as estratexias e asegurar que as necesidades de todos os participantes sexan consideradas. Ademais, promoverase un ambiente de colaboración onde se valore e fomente a achega de ideas e suxestións por parte de todo o persoal implicado.

Lúdica: A lectura abordarase de maneira lúdica para facela atractiva e divertida para o alumnado. Utilizaranse xogos e dinámicas que involucren aos nenos e nenas en actividades de lectura de maneira creativa. Por exemplo, organizaranse sesións de contacontos onde o profesorado, familiares ou incluso os propio alumnado poida narrar historias utilizando disfraces e escenografías sinxelas. Tamén implementaranse dramatizacións onde os rapaces e rapazas poidan representar personaxes dos contos lidos, o que non só fomentará a comprensión lectora senón tamén a expresión oral e a confianza en si mesmos.

Colaborativa: O traballo en grupo será unha parte esencial da metodoloxía. Fomentarase a colaboración entre os nenos e nenas a través de actividades grupais que requiran a cooperación, sobre todo as relacionadas co PDI, onde o alumnado das diferentes escolas poidan traballar xuntos, xa sexa a través de correspondencia, videoconferencias ou convivencias. Estes proxectos poderán incluír a creación dun libro colectivo, onde cada escola

achegue unha parte da historia, ou a organización dun evento de lectura onde os nenos e nenas poidan compartir os seus contos e poesías.

Contextualizada: A contextualización é un aspecto clave do plan, xa que se relacionarán os contidos de lectura coa contorna e a cultura local de Valga, así como co PDI. Seleccionaranse libros e contos que reflectan a realidade e o patrimonio cultural da contorna rural, integrando temas de natureza e cultura local nas lecturas. Por exemplo, poderanse ler contos sobre a flora e fauna da rexión, lendas locais e relatos históricos que permitan aos nenos coñecer e valorar o lugar de orixe. Ademais, organizaranse actividades ao aire libre, como camiñatas e visitas a lugares emblemáticos, onde se realicen lecturas nun contexto que enriqueza a experiencia e a conexión ca contorna.

Integración de TIC: O uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) será incorporado para enriquecer a experiencia de lectura. Utilizaranse recursos dixitais como aplicacións interactivas de lectura e ferramentas de videoconferencia para facilitar a colaboración entre as distintas escolas. Por exemplo, poderase organizar un club de lectura virtual onde os nenos poidan compartir as súas opinións e discutir sobre os libros lidos, fomentando así o intercambio de ideas e o desenvolvemento do pensamento crítico.

Enfoque Personalizado: Cada neno e nena son únicos e teñen diferentes intereses e niveis de habilidade na lectura. O noso centro unicamente conta con alumnado de Educación infantil, polo que a metodoloxía aplicada neste Plan estará aliñada co currículo oficial (Decreto150/2022) e coas súas directrices específicas. Será integral e adaptada ás características propias da etapa educativa infantil, asegurando unha primeira aproximación á lectura e á escritura sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria. Realizaranse avaliacións iniciais para identificar o grado de competencia lectora e, a partir dese punto, deseñaranse actividades e seleccionaranse libros que sexan adecuados para o seu nivel e que tamén esperten o seu interese.

Proxectual: O traballo das distintas escolas estrutúrase a través do PDI do centro. A Biblioteca Escolar e o núcleo deste proxecto e proporciona ao alumnado e ao profesorado os recursos e actividades necesarias para emprender o proceso de investigación e de aprendizaxe.

7. RECURSOS

7.1. Recursos humanos:

- Alumnado
- Profesorado
- Os pais/nais e outros familiares
- A ANPA e o Concello
- Outras persoas relacionadas co ámbito da cultura en xeral e da lectura en particular: contacontos, autores, ilustradores, actores...

7.2. Recursos materiais:

- Fondos documentais da Biblioteca Escolar.
- Materiales audiovisuales e informáticos: Ordenadores, pizarra dixital, robots, páxina web...
- Láminas ilustrativas.
- Soportes textuais de uso cotiá: periódicos, carteis, etiquetas, cartas, receitas de cociña, folletos publicitarios, instrucións...
- Material funxible: papeis, materiais de debuxo e escritura...

8.AVALIACIÓN

A avaliación do plan de lectura efectuarase polo Claustro, como órgano colexiado do centro, polo que as persoas máis directamente implicadas serán:

- Equipo directivo, encargado de coordinar e asegurar a posta en práctica do presente Plan Lector.
- Mestra responsable do funcionamento da biblioteca, como a persoa coordinadora das actividades que se desenvolvan en torno ao uso dos recursos bibliográficos e documentais, así como do Plan de Lectura.
- O claustro na súa totalidade.
- O alumnado como protagonista fundamental das tarefas que se programaron na Biblioteca Escolar.
- O Persoal encargado dos obradoiros relacionados con actividades de lectura: teatro escolar, literatura, conta contos, ...
- As familias implicadas, tanto directamente por realizar actividades entorno á lectura no centro, como indirectamente ao propiciar a lectura aos seus fillos.

A avaliación será continua e levada a cabo mediante varios métodos para garantir unha visión integral do progreso e a efectividade do Plan.

Os criterios de avaliación son:

- Observar o nivel de interese e participación activa nas actividades de lectura, tendo en conta a asistencia e a actitude positiva cara á lectura.
- Avaliar o progreso na comprensión lectora, fluidez e expresión oral mediante actividades específicas e a realización de preguntas de comprensión.
- Valorar a capacidade de crear e contar historias, así como a habilidade para expresar ideas e sentimentos a través da escritura e o debuxo.
- Observar a colaboración e o traballo en equipo con compañeiros e compañeiras durante as actividades grupais, avaliando a capacidade de comunicarse, compartir ideas e respectar as opinións dos demais.

Os procedementos de avaliación inclúen:

- **Observación directa:** Observar a participación e o interese do alumnado nas

actividades diarias de lectura, rexistrando os seus avances e dificultades. Por exemplo, utilizaranse diarios onde os mestres e mestras anotarán comportamentos, comentarios e reaccións dos nenos e nenas durante as actividades de lectura.

- **Reunións de avaliación:** Realizar reunións periódicas do equipo de biblioteca e do claustro para discutir o progreso do alumnado e avaliar a implementación do Plan. Estas reunións permitirán axustar as estratexias segundo sexa necesario e compartir boas prácticas entre as distintas escolas.
- **Enquisas e reunións con familias:** Recoller impresións e suxestións das familias a través de enquisas e reunións para avaliar a súa percepción do Plan e o seu impacto no hábito lector dos nenos e nenas. As enquisas incluírán preguntas sobre a frecuencia de lectura na casa, o tipo de libros que máis lles gustan e a súa participación nas actividades propostas.

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán serán os seguintes:

- **Observación directa:** O profesorado observarán a participación e o interese do alumnado nas actividades diarias de lectura, rexistrando os seus avances e dificultades.
- **Reunións de avaliación:** Realízanse reunións periódicas do equipo de biblioteca para discutir o progreso do alumnado e avaliar a implementación do Plan. Estas reunións permitirán axustar as estratexias segundo sexa necesario.
- **Rexistro de actividades:** Manterase un rexistro detallado das actividades realizadas e o seu impacto, permitindo un seguimento efectivo do Plan.
- **Portfolios:** Recompilación dos traballos realizados polo alumnado ao longo do ano, como contos, debuxos e relatos, para avaliar o progreso e a creatividade.

Esta avaliación terá un carácter continuo, anotándose os datos tras calquera actividade. Cos datos obtidos asumiranse as modificacións oportunas para os seguintes cursos. Tamén se avaliarán os recursos materiais e persoais, emitíndose informes na memoria para a mellora futura.

9. HORARIO PREVISTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA

Bibliotecas de aula: De luns a venres de 9:00 a 14:00 (Cada escola concreta determinados detalles específicos como o uso de espazos e préstamo, pero séguese unha liña común nas seis escolas).

Biblio CRA: Apertura de luns a venres de 9:00 a 14:00 como Biblioteca Escolar para todo o alumnado do colexio. Martes de 16:00 a 18:00 aberto para o alumnado e todas as familias. Neste horario se levarán a cabo as sesións de animación á lectura “Martes de conto”, así como os empréstitos lectores.

10. ACTIVIDADES

Unha gran parte das propostas didácticas que se levan a cabo na escola teñen como eixe

principal a Biblioteca Escolar, xa que este espazo funciona como punto de encontro de todas as escolas que conforman o noso colexio. Esta convértese nunha fonte de recursos para poder realizar propostas de diferente índole sendo un espazo imprescindible para o funcionamento óptimo do CRA.

Algunha das actividades que se propoñen neste Plan son:

- **Hora do Conto:** Lectura diaria dun conto ao inicio da xornada escolar.
- **Obradoiros de Lectura:** Actividades semanais con xogos e dinámicas de lectura.
- **Lectura en Familia:** Obradoiros de lectura coa participación das familias.
- **Biblioteca Viaxeira:** Rotación dunha caixa con libros entre as escolas para facer o empréstimo semanal.
- **Encontros con Autores:** Organización de visitas de autores locais para charlas e actividades.
- **Día do Libro:** Celebración con actividades especiais como feiras de libros, dramatizacións e concursos de contos.
- **Ruta de Lectura:** Camiñatas pola contorna rural de Valga con paradas para ler contos relacionados coa natureza e a cultura local.
- **Elaboración de fondos para a biblioteca:** Facer un libro de contos, refráns, adiviñas, trabalinguas, retahílas etc...
- **Escenificación de contos** a través de lecturas dramatizadas dos mesmos, de marionetas, de sombras chinesas...
- Búsqueda e **creación de contos** coa axuda das TIC's.
- **Empréstimo** de fondos da biblioCRA e das bibliotecas de aula.
- **Mochilas Viaxeiras:** con libros, xogos, CDs...

11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguemento do Plan realizarase mediante un rexistro diario das actividades realizadas e a participación do alumnado. Ademais, levaranse a cabo reunións mensuais do equipo de biblioteca para avaliar o seu desenvolvemento e facer os axustes necesarios. Anualmente, analizarase o impacto das actividades no hábito lector da infancia mediante observación e enquisas ás familias e o profesorado, revisando os obxectivos acadados e planificando melloras.

Este Plan de lectura busca fomentar o hábito da lectura no alumnado do CRA de Valga e crear unha comunidade educativa cohesionada e participativa, onde o amor polos libros se convirta nun valor compartido por todos.